

Manifesto da Biblioteca Escolar

UNESCO - IFLA

A biblioteca escolar no contexto do ensino e a aprendizaxe para todos

A biblioteca escolar proporciona información e ideas que son fundamentais para desenvolverse con éxito na sociedade contemporánea, baseada na información e no coñecemento.

A biblioteca escolar desenvolve nos alumnos e alumnas competencias para a aprendizaxe ó longo da vida e estimula a imaxinación, facendo posible que cheguen a ser cidadáns responsables.

Misión da biblioteca escolar

A biblioteca escolar ofrece servizos de aprendizaxe, libros e outros recursos, a todos os membros da comunidade escolar para que exerciten o pensamento crítico e utilicen de xeito eficaz a información en calquera soporte e formato.

As bibliotecas escolares están interrelacionadas coa ampla rede de bibliotecas e de información de acordo cos principios do Manifesto da UNESCO sobre a biblioteca pública.

O equipo da biblioteca axuda a utilizar os libros e outros recursos de información, desde as obras de ficción ás obras de referencia, impresas ou electrónicas, presenciais ou remotas. Estes materiais complementan e enriquecen os libros de texto, os materiais docentes e os métodos pedagóxicos.

Está comprobado que cando os bibliotecarios e os profesores traballan en colaboración, o alumnado acadará mellores niveis no coñecemento e manexo da lingua escrita, nas súas capacidades para a lectura, a aprendizaxe e a resolución de problemas, e nas súas habilidades coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Os servizos da biblioteca deben ofertarse de xeito igualitario a todos os membros da comunidade escolar, sen distinción de raza, sexo, relixión, nacionalidade, lingua, nivel profesional ou social. Cómpre dispoñer servizos e materiais específicos para aqueles usuarios que, por algunha razón, non poidan acceder ós servizos e materiais comúns.

O acceso ós servizos e ás fondos documentais debe inspirarse na Declaración Universal dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas e non poderá estar sometido a ningunha forma de censura ideolóxica, política ou relixiosa, nin a presións comerciais.

Financiamento, lexislación e redes

A biblioteca escolar é un compoñente esencial de calquera estratexia a longo prazo para a alfabetización, educación, provisión de información e desenvolvemento económico, social e cultural. Pertencendo ó ámbito da responsabilidade das autoridades locais, rexionais ou nacionais,

a biblioteca escolar debe ser apoiada por lexislacións e políticas específicas. Debe contar con orzamentos suficientes para asegurar a existencia de persoal con formación, documentos, tecnoloxías e equipamentos.

A biblioteca escolar debe ser gratuíta.

A biblioteca escolar é un colaborador esencial das redes locais, rexionais e nacionais de bibliotecas e de información.

Obxectivos da Biblioteca Escolar

A biblioteca escolar é parte integrante do proceso educativo.

Os obxectivos seguintes son indispensables para o desenvolvemento das competencias da lingua escrita, do manexo da información, e para o ensino, a aprendizaxe e a formación cultural, constituíndo servizos básicos da biblioteca escolar:

- ✎ Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos educativos definidos no proxecto educativo e no proxecto curricular do centro.
- ✎ Crear e fomentar nos nenos e mozos o hábito e o pracer da lectura, de aprender e de empregar as bibliotecas ó longo de toda a súa vida.
- ✎ Ofrecer oportunidades para a utilización e produción de información que posibiliten a adquisición de coñecementos, a comprensión, o desenvolvemento da imaxinación e o lecer.
- ✎ Apoiar ó alumnado na aprendizaxe e na práctica de competencias de avaliación e utilización da información, en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta as formas de comunicación máis usuais na súa comunidade.
- ✎ Proporcionar acceso ós recursos locais, rexionais, nacionais e globais que lle permitan ó alumnado poñerse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas.
- ✎ Organizar actividades que favorezan a concienciación e a sensibilización por cuestións de orde cultural e social.
- ✎ Traballar co alumnado, o profesorado, a administración do centro e as familias par acadar os obxectivos do proxecto educativo do centro
- ✎ Defender a idea de que a liberdade intelectual e o acceso á información son indispensables na construción dunha cidadanía responsable e participe nunha democracia
- ✎ Promover a lectura, os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fóra da comunidade educativa.

A fin de cumprir estas funcións, a biblioteca escolar debe aplicar políticas e servizos, seleccionar e adquirir materiais, facilitar o acceso físico e intelectual ás fontes de información axeitadas, proporcionar recursos didácticos e dispoñer de persoal formado.

Persoal da biblioteca

O bibliotecario ou bibliotecaria escolar é o membro do persoal docente do centro educativo que, coa debida formación profesional, se fai cargo da planificación e administración da biblioteca, coa axuda do persoal de apoio necesario. Este profesional traballará en colaboracións co resto da comunidade escolar, mantendo vínculos coa biblioteca pública e con outros centros.

As funcións do responsable da biblioteca escolar variarán en función do orzamento, o currículo e as metodoloxías dos centros, dentro do marco legal e financeiro establecido. Dependendo do contexto, existen áreas de coñecemento que son fundamentais na formación dos bibliotecarios escolares para poderen garantir un funcionamento eficaz dos servicios: a xestión de recursos, de bibliotecas e de información, e a pedagogía.

Nun medio cada vez máis dominado polas redes de información, os bibliotecarios escolares deben posuír competencias para planificar e ensinar diferentes técnicas no tratamento da información tanto ó profesorado como ó alumnado; deben, xa que logo, actualizar constantemente a súa formación e desenvolvemento profesionais.

Funcionamento e xestión

Para garantir un funcionamento efectivo e responsable:

- A política da biblioteca escolar debe ser formulada de xeito que os seus obxectivos, prioridades e servicios estean definidos en función do proxecto educativo.
- A biblioteca escolar deber ser organizada e administrada segundo normas profesionais estandarizadas.
- Os servicios da biblioteca escolar deben ser accesibles a todos os membros da comunidade escolar e deben funcionar no contexto da comunidade local.
- Cómpre asegurar a cooperación co profesorado, os órganos de dirección do centro escolar, a administración, as familias, os outros bibliotecarios e profesionais da información e as asociacións de interese dentro da comunidade.

Implantación do Manifesto

Ínstase ós gobernos, por medio das autoridades responsables de educación, a elaborar estratexias, políticas e programas que permitan aplicar os principios enunciados neste Manifesto. Estes plans deberán incluír a difusión deste Manifesto nos programas de formación inicial e continuada dos bibliotecarios e docentes.

O Manifesto foi preparado pola Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e de Bibliotecas e aprobado pola UNESCO na súa Conferencia Xeral en Novembro de 1999.

